

A Comunidade VAGALUME

dAvid Blanco e Olalla Trigo



A comunidade vagalume

É doado comprender que unha nena ou un neno sinta medo da escuridade. O triste é que unha persoa adulta recee da luz. (Platón)

Seica teñas que coñecer a escuridade denantes poder apreciar a luz. (Madeline L'engle)

Atrévete a converterte en unha brillante luz positiva, especialmente alá onde a escuridade sexa o único que se coñece. (Edmon Mbiaka)

Lihuén era filla de Dinorah e neta de Gulara.

O seu nome significaba LUZ, como o da súa nai que se traducía como MULLER DE LUZ ou o da súa avoa que equivalía a LUZ DE LÚA. Poderíamos dicir que toda a súa ascendencia tiña unha longa tradición de nomes luminosos e aínda así as mulleres da familia, como o resto das mulleres da comunidade, non brillaban ou polo menos Lihuén nunca as vira brillar.

Por que teremos nomes de luz se as luces están reservadas para as vagalumes home?
Preguntábase ás veces Lihuen.

Xuntas vivían nunha pequena e cómoda casiña situada preto da beira dun regato, entre as raíces dunha árbore de Okí, alí na remota e afastada illa de Okí Konokí, o fogar da COMUNIDADE VAGALUME.

Esta era unha comunidade moi antiga, formada por máis de 10.000 vagalumes de ambos sexos e de calquera tamaño, idade ou condición que poidamos imaxinar. Sabedes que son as vagalumes? Son insectos da familia dos escaravellos e diferéncianse dos vermes brillantes en que teñen ás para voar. Encántalles aletear dun lado para outro, especialmente nas noites cálidas de verán. E sempre prefiren os lugares escuros, lonxe de farois e lámpadas. Alí poden brillar con comodidade e a vontade.

Lihuén amaba a súa illa, o cheiro do mar e o son das ondas, as furnas nos cantiles, as amplas praias de area e cunchas, a rítmica e lenta subida e baixada da marea, perder o ollar no horizonte azul onde ceo e océano encóntranse, a airexa no rostro e o murmurio nas follas dos cocoterros, os tamarindos e árbores de okí que deron nome a aquel lugar. Pero..sabedes cal era o seu lugar favorito? Era a boca do volcán. Levantábase elegante no centro da illa, cun cono alto e sempre afumeante, na parte superior do cal atopábase un gran cráter adornado por un lago de augas de cores irreais, burbullantes e sulfurosas.

Alí celebrábanse as ocasións especiais da súa comunidade e as vagalumes home, expertas en xogos de luces rápidas, fortes e brillantes, sempre montaban os seus espectáculos.

A Lihuén encantábanlle as luces e non entendía por que as nenas, as rapazas e as mulleres non as podían facer. Ata había unha escola para aprender a brillar pero só aceptaban rapaces. Non obstante, Lihuen era moi inconformista e, a medida que medraba, facíase as súas propias preguntas.

Aínda era moi pequena cando aprendeu a voar e, exercitando as súas ás, achegouse un día soa aos Cantiles da Enormidade. Eran vertixinosamente altos e moi prohibidos para as nenas e os nenos.

Pero ela non se achegou ao bordo porque sabía ter coidado e ademais non foi con esa intención. O que desexaba era facerlle unha pregunta ó vento, aquela que levaba tempo dando voltas no seus miolos. Cando se atopou arriba, mirou ó horizonte, ao lonxe e gritou o máis alto que puido... Vento... Vento...

Por que non brillan as mulleres vagalume?...esperou e esperou...pero non escoitou nada... esperou e agardou...e aínda non escoitou nada...esperou e esperou...e ao final a súa paciencia foi recompensada.

O vento respondeulle con voz serena... - Mira dentro de ti.

E mirou, pero esa vez non viu nada.

Chegou un día no que aprendeu a nadar e mergullarse. Cando tiña totalmente dominada a técnica, a súa nai regaloulle unha táboa de surf. Daquela divertíase co resto das crianzas nas suaves ondas da rompente ó carón do arrecife.

Un día cando xa estaba a escurecer quedou soa na auga, enriba da súa táboa e a vella pregunta volveu ata súa mente. Case sen pensalo perdeu a vista no mar e gritou o máis alto que puido...

Maaarr...Maaarr

Por que non brillan as mulleres vagalume?...esperou e esperou...pero non escoitou nada... esperou e agardou...e aínda non escoitou nada...esperou e esperou...e ao final a súa paciencia foi recompensada.

A mar respondeulle con voz serena...- Mira dentro de ti.

E mirou, e naquela ocasión pareceulle que vía algo fuxidío que non podía reter nin explicar, pero foi só por un intre e cando volveu mirar, xa non vía nada.

Unha noite de verán venceu o seu medo á escuridade e saíu pasear soa. Era unha noite de lúa chea e vagando sen pensar en nada atopouse mirando a lúa, deitada no alto dun cocotero. Case sen pensalo perdeu a vista no ceo e gritou tan alto como puido... Lúaaa... Lúaaa...

Por que non brillan as mulleres vagalume?...esperou e esperou...pero non escoitou nada... esperou e agardou...e aínda non escoitou nada...esperou e esperou...e ao final a súa paciencia foi recompensada.

A Lúa respondeulle con voz serena...- Mira dentro de ti.

E mirou, e esta vez viu claramente algo, unha luz suave e serena brillaba no seu abdome. Foi só por un segundo pero esta vez non tivo dúbidas.



Acudiu correndo ás persoas que máis quería no mundo, porque non era algo que puidese contarlle a calquera, e achegouse ata onde á súa nai e á súa avoa. Elas sabían moitas cousas. Sempre lle contaran historias sobre como era a comunidade vagalume tempo atrás. Eran lendas que viñan das brétemas do pasado, dos tempos nos que aínda non sabían ler nin escribir. De como descubriron o lume e aprenderon a cociñar e a quencerse con el. Como procurar fontes de auga doce para poder beber. De como aprenderon a nadar ou navegar. A saber que as estrelas non eran máis que soles distantes...Eran historias que pretendían transmitir un legado importante, unha verdadeira sabedoría que non se debería perder e que as xeracións máis novas como Lihuen precisaban coñecer e protexer, utilizar e compartir cando fora necesario.

Porén, ese día Lihuen contoulles o acontecido e preguntoulles directamente: Mamá, Avoa... Por que non brillan as mulleres vagalume? Por que eu nunca as vin brillar?

Gulara e Dinorah olláronse e sen dicir nada pedíronlle a Lihuén que as acompañase. Deixaron o que estaban a facer e misteriosamente en silencio saíron da casa, con Lihuen seguindo detrás. Foron polo camiño da praia, subírona nun bote de remos que estaba na area, arrastraron a barca ata a auga e comezaron a remar, a remar e remar cara un penedo moi alto.

Xa se facía tarde e o mar estaba tranquilo e calmo. Ninguén dixo nada durante todo o camiño. Cando se achegaban ao penedo, Lihuen viu unha pequena fenda na rocha. Ao principio parecía unha fenda, pero cando te achegabas a ela podías ver que era a entrada dunha estreita cova. Sorprendentemente, a embarcación encaixaba moi ben nela e aos poucos metros atoparon un anel metálico cravado na rocha onde podían amarrar o barco.

Ao principio estaba algo escuro, pero aos poucos metros xa se vía claramente unha luz. Era a entrada dunha fumarola do volcán, un jameo (porque tiña un burato no teito) e axiña chegaron a unha especie de lago interior. Había alí luz suficiente, aínda que escasa, e facía calor pero non desagradable.

Entón dixo Gulara.

- Escóitanos Lihuén con atención porque debemos contarche algo moi importante.

"Hai séculos, centos de anos... as mulleres vagalume descubrimos como brillar na escuridade, utilizando un elemento que todos e todas temos no abdome e que a nosa comunidade mantivo en segredo desde entón. Chamámoslle a luciferina.

Co paso do tempo tentamos combinar este ingrediente con outros presentes na natureza como osíxeno, calcio ou magnesio e obtivemos luces amarelas, verdes, laranxas e incluso azuis. Isto é algo que lle dixo á miña bisavoa a miña avoa e que tamén lle deberon contar as súas avoas... pero co transcurso do tempo este feito foi esquecido".

Nese momento houbo un silencio, unha parada na historia. Entón falou Dinorah.

- Dende o principio a intención das mulleres vagalume foi utilizar a nosa luz para crear unión e beleza, foi concibida para comunicar todo tipo de información e sentimentos.



Brillamos en privado ou en público a utilizar diferentes códigos e formas. Homes e mulleres, nenos e nenas vagalumes...

A nosa luz foi o que mellor definiu o comezo da nosa comunidade. Foi a nosa alma, a nosa arte e a nosa esencia.

Dinorah e Gulara levantáronse xuntas e comezaron unha antiga danza de luces dunha arrebatadora beleza e complexidade. Movéronse sincronizadas, creando brillos e efectos que encheron o lugar de maxia. Grazas á luz que emitían, puideron influír no estado de ánimo de Lihuén, que se sentía alegre e feliz, serena e completa, tranquila e agradecida... en harmonía con ela mesma e con todo o que a rodeaba.

Nunca antes vira brillar á súa nai e á súa avoa.

No entanto, de súpeto o baile cambiou, as luces comezaron a palpebrar, íanse perdendo...

transmitindo nerviosismo, frustración, vergoña e incomodidade... cada vez foron máis débiles, máis rápidas, arrítmicas... pouco a pouco foron perdendo cor e intensidade ata que finalmente cun destello de desgarradora melancolía a luz de Gulara apagouse e a de Dinorah reduciuse a unha insulsa, sutil, macilenta e opaca luminosidade intermitente.

A Lihuén rompéuselle o corazón e comezou a chorar. que pasou avoa? que pasou mamá?

Preguntou. Por que deixastes de brillar?

Entón retomaron a historia e contáronlle os detalles de como foi cambiando a súa comunidade no tempo.


- Ao principio ambos sexos cooperaban en sintonía e brillaban xuntos. As vagalumes femia compartiran os seus coñecementos coas vagalumes macho, transmitíndolle este coñecemento ás súas fillas e fillos por igual - dixo Gulara.

Inventáronse innumerables bailes e coreografías. As luces usáronse en cada festa e en cada día sinalado, pero tamén no día a día aínda dentro da casa.

Existía unha complicidade entre homes e mulleres vagalume e un reparto equitativo de méritos e tarefas. Era unha sociedade xusta e equilibrada.

Así e todo, ninguén sabe por que, co paso do tempo, as vagalumes macho foron quedándose con tódolos privilexios e eludiron cada vez máis parte das súas obrigas e responsabilidades.





Deixaron de cambiar os cueiros ou de limpar o baño porque dicían que eran cousas cheirentas.

Deixaron de lavar a louza ou de lavar a roupa porque dicían que a auga estaba moi fría e que lles rachaba as mans.

Xa nunca cociñaban na casa porque dicían que despois cheiraban a fume ou que tiñan medo ao lume... e moitas receitas deliciosas perdéronse por culpa deles.

Tampouco facían á compra porque dicían que as bolsas eran demasiado pesadas e que lles doían as costas - continuou a avoa.

Pero o máis grave foi cando deixaron de coidar ás nenas e nenos vagalume. Pouco a pouco pasaban menos tempo na casa e finalmente perderon a capacidade de ollar cara unha cativa ou un cativo vagalume e saber o que lle pasaba.

Cando miraban non lían nada nas súas cariñas e non eran capaces de saber se tiñan sede, frío, tristeza ou fame.

Neste punto adicáronse unicamente á vida fora da casa. Acolleron o traballo físico e fixéronse máis fortes pero tamén máis insensibles e menos emocionais. Seu foi o privilexio de estudar, investigar, aprender nas universidades, practicar todo tipo de artes como a música, a pintura, a literatura... o lecer de deportes divertidos como o surf, a escalada ou o fútbol... as viaxes, descubrimentos, exploracións... gozaron de todo isto, pero volvéronse altivos e distantes. Esquecéronse do máis importante, básico e fundamental: **coidar**.

Asemade, pouco a pouco, chegouse ao momento no que as luces das vagalumes mulleres estiveron mal vistas en público e tivemos que conformarnos con brillar só no fogar, onde as numerosas obrigas foron deixándonos sen tempo libre para practicar e deste xeito, pouco a pouco, o noso brillo foi esmorecendo e a nosa habilidade foi esquecida ata por nós mesmas - finalizou Gulara.

A partires de aí, as luces quedaron reservadas para as vagalumes home.

— A misión

Ese momento foi moi importante na vida de Lihuén e cambiou a súa forma de ver o día a día. Fíxolle pensar en moitas cousas... por iso a súa avoa non conducía, por iso a súa nai non estudara na universidade a pesar da súa paixón pola ciencia... e aínda así, ela sentía que algo estaba a mudar porque a súa xeración tiña máis oportunidades que as anteriores..... quizais estábanse a mover na dirección correcta. Na dirección da igualdade.

Comezou a semana a matinar nestes pensamentos e aínda que ía a clase con normalidade, estaba distante, ausente e pensativa.



Ao final chegou a tarde do venres, que era o día no que sempre se atopaba con Uri, Kikaru e Yuota. Levaban un tempo xuntándose para practicar o brillo ás agachadas.

Uri e Yuota eran rapaces e ían á escola do brillo, polo que en segredo tamén ensinaban a Lihuén e Kikaru, emporiso, elas facían avances pola súa conta que sempre sorprendían aos rapaces.

Ese día víronse na casa da árbore, que era o seu lugar especial, o seu lugar de xuntanza.

Uri chegara primeiro e agardaba moi emocionado porque atopara unha nota segreda no chan da cabana, ou iso pensou, porque aínda non se atrevera a abrir o gran sobre vermello que tiña na man.

- Veña, veña, que chegades tarde, dixo Uri, mentres as demais trepaban polo tronco da árbore.

- Que é iso? _ preguntou Kikaru

- Iso, cóntanos, cóntanos... dixo Yuota.

- Ti non preguntas Lihuén? - díxolle Uri.

- Síntoo, Uri, estaba distraída pensando en algo do que quero falar con vos. Pero si...que hai nese sobre? - preguntou entón Lihuen

- Pois veredes, trátase dunha especie de mensaxe segreda porque atopeina no medio do chan da cabana. Alguén sabía que nos íamos ver hoxe e deixounos este sobre, pero non sei que hai dentro porque aínda non o abrín - dixo Uri

- Pois ábreo agora!!! berráronlle o resto das crianzas ao mesmo tempo.

Entón Uri abriu o sobre e sacou unha folla en branco. ????. Mirouno dun lado para outro pero non tiña nin un garabato.

- Vaia, isto realmente é un misterio Uri... riu Kikaru que sempre era o máis sorrinte.

- Cala Kikaru!! - díxolle Yuota que era moi observadora e sempre sabía cousas curiosas. Igual hai unha mensaxe escrita con tinta invisible.

- Queeeee? exclamaron as crianzas

- ¿Non escoitastes que ás veces escribíanse mensaxes con zume de limón? Só eran visibles cando se queimaba o papel - dixo Kikaru

- Vaia... canto sabes!!! - responderon as demais

- Por que non intentamos acender unha das nosas luces? Ao mellor só pode revelarse baixo unha determinada luz de cor, aportou Lihuen.

Entón Uri pechou as fiestras e alumeou a luz do seu abdome, pero non pasou nada. Kikaru, Yuota e Lihuén acenderon as súas e cando todas se mesturaron revelouse unha mensaxe no papel. A mensaxe dicía así: COIDAR ÁS DEMAIS VAGALUMES É ALGO MOI VALIOSO. Buscade á vagalume da comunidade que mais sabe disto e falade con ela. Axudaravos coa vosa luz. Quen sabía máis sobre coidar na comunidade vagalume?, preguntáronse. E entón de socate veulles á cabeza un nome, debe ser MAMI OKÁN (*Corazón en loruba) pois era quen dirixía o refuxio das vagalumes que non tiñan a quen nin a onde acudir.

Voando axiña dirixíronse ata o refuxio e atoparon a MAMI OKÁN tranquila, coidando a unha vagalume que tiña unha perna moi delgada. Unha enfermidade de nacemento deixáraa así, e Mami Okan dáballe masaxes mentres a animaba a moverse e lle cantaba unha canción.



Agardaron a certa distancia, con respecto, e cando rematou preparáronse para falar con ela. Expuxeron as súas inquedanzas e o que descubriran no sobre. Entón ela explicoulles algo moi importante: “cando coidamos dos demais, cultivamos dentro de nós un tipo de luz que nunca se apaga”. Esta luz, polo tanto, está protexida e fortemente relacionada coas luces que acendemos nos demais e funcionan como unha rede, apoiándose mutuamente. Entón, MAMI OKÁN no ouviu borboriñoulles un exercicio que tiñan que practicar en conxunto.

Despedíronse e déronlle as grazas. Impacientes volveron á cabana da árbore para facer o exercicio. Non parecía nin tan difícil!!

Consistía no seguinte: tiñan que intentar brillar pensando no mesmo as catro xuntas e ao mesmo tempo. Fusionando os seus pensamentos e a súa vontade nun só.

Probaron a facelo e entón pasou algo que nunca antes viran. LUCES DE CORES

As súas luces estaban sincronizadas e brillaban como unha soa, pero máis fermosas e luminosas que a suma individual de cada unha delas. Despois elaboraron todas xuntas uns xogos de cores complexos e completos que por si soas nunca imaxinaren.

Agora si que estaban convencidas, debían partillar isto co resto da comunidade vagalume.

Decatáronse que a mellor ocasión sería o solsticio de verán, que se celebraría en poucos días, pois era a gran festa da comunidade. Ademais, sempre se celebraba na boca do volcán. Pero primeiro tiñan organizalo todo ás agachadas.

Antes de abandonar a cabana, Lihuen tivo unha idea. Deixaron o sobre vermello, con unha nota dentro, no centro do chan da súa cabana. A mensaxe estaba destinada á misteriosa persoa que lles dera a pista fundamental. Nela explicaban o que querían facer o día da celebración.

Chegou o día do solsticio e da gran festa, o gran xefe da comunidade vagalume, AGNIPARVATAM presentou a cerimonia como de costume. Tocáronse cancións típicas, houbo bailes e para rematar uns típicos espectáculos de luces onde as vagalumes home máis expertas brillaron coma sempre.

Porén, cando a cerimonia estaba a piques de rematar e o gran xefe tiña que recitar as palabras de boa sorte para o ano, este deu un paso atrás e cedeulle a palabra á súa compañeira MAMI OKÁN.

Isto era algo moi inusual, algo insólito porque as mulleres vagalume non brillaban en público pero tampouco presentaban e despedían as ceremonias da comunidade. Lihuen tiña unha intuición. O gran xefe debeu ser quen deixara o sobre na cabana.

MAMI OKÁN pediulles ás mulleres e homes, nenos e nenas vagalume que formasen un gran círculo collidas das mans ao redor do gran lago de cores irreais.

Con voz tranquila pero firme, explicoulles que cando en unha comunidade todos os individuos que a integran pensan con forza en algo ao mesmo tempo, os resultados poden ser espectaculares.

Pediulles pensaren en algo revolucionario e ao mesmo tempo lóxico. E o pensamento común da colectividade foi **¡QUE AS MULLERES VAGALUMES RECUPEREN A SÚA LUZ!**



Entón, todas as vagalumes collidas da man pensaron en isto ó mesmo tempo e con forza, e de súpeto as luces de ambos sexos acendéronse salvaxes e fermosas.

Lihuen estaba a vibrar da emoción e ó mirar cara a AGNIPARVATAM viu no co sobre vermello na man e chiscándolle un ollo. El fora quen colocara o sobre na cabana. El tamén quería o mesmo ca ela, pero en todos os anos que gobernara a illa de OKI KONOKI non soubera como levar este cambio á práctica.

Mentres brillaban todos e todas xuntas, algo máis xurdiu de dentro do círculo, comezou como un rumor, un son que foi débil ao principio e que pouco a pouco foi collendo forza. Era unha canción, unha canción sinxela e feliz. Unha canción que soaba así: OKI KONOKI KARAKÓ... que quería dicir SOMOS IGUAIS NA ILLA DE OKI KONOKI

E cantárona cunha soa voz .

OKI KONOKI KARAKÓ...(SOMOS IGUAIS NA ILLA DE OKI KONOKI)

A partires dese día todo cambiou e a comunidade vagalume pasou a ser como fora hai moitos anos. Houbo de novo unha complicidade entre mulleres e homes vagalume e un reparto equitativo de méritos e tarefas. Así a súa sociedade fíxose máis saudable e equilibrada. Máis igualitaria.

Agora que sona a música e as nosas luces e cores están acendidas, gustariache ser unha vagalume máis, imaxinas?

FIN

